



Durante o mes de outubro a Oficina de Sustentabilidade dirixiu a programación das súas actividades á promoción dun estilo de vida saudable, coa práctica do voluntariado ambiental e lecer ao aire libre, con movemento físico e tarefas de interacción en equipo.

Cómpre indicar nesta memoria, que tres das actividades programadas tiveron que adiarse por mal tempo, ficando pendentes para o seu desenvolvemento durante o mes de novembro. As actividades adiadas foron:

- 01/10/2024 Voluntariado ambiental con flora exótica invasora
- 08/10/2024 Voluntariado en Charcas con vida
- 25/10/2024 XIII Limpeza Simultánea de praias: Praia de Bens

Con isto, foron dúas as actividades que se realizaron no Outubro Saudable 2024, que contaron coa participación de 17 persoas en total, que se detallan a continuación.

XOVES 10: BIOBLITZ: DESCUBERTA DA BIODIVERSIDADE DO MONTE DA FRAGA

A actividade con obxectivo de dar a coñecer a diversidade biolóxica do Monte da Fraga, consistiu en facer un percorrido guiado por persoas expertas en botánica e zooloxía, parando para identificar especies e comentar os detalles. Consistiu nunha camiñata a pé de baixa dificultade, de 2 horas de duración, na que participaron 11 persoas. Un paseo saudable e sustentable na natureza máis próxima á UDC.

Actividade monitorizada polo Grupo Naturalista Hábitat, e financiada pola Oficina de Sustentabilidade da UDC, no marco do convenio sectorial de colaboración entre a Concellaría de Medio Ambiente do Concello da Coruña e a Oficina de Sustentabilidade Universidade da Coruña para a execución do proxecto de custodia e voluntariado ambiental no Monte da Fraga, no ano 2024.



MARTES 29: VOLUNTARIADO CON FLORA INVASORA NO MONTE DA FRAGA

Consistiu nunha xornada co obxectivo principal de sensibilizar a comunidade universitaria na problemática das especies exóticas invasoras, segunda causa de perda de biodiversidade a nivel planetario. A actividade práctica, promoveu a actividade física, facendo traballo de campo con ferramenta manual e traballo en equipo. Participaron 6 persoas.

Actividade monitorizada pola Asociación ecoloxista ADEGA, e financiada pola Oficina de Sustentabilidade da UDC, no marco do convenio sectorial de colaboración entre a Concellaría de Medio Ambiente do Concello da Coruña e a Oficina de Sustentabilidade Universidade da Coruña para a execución do proxecto de custodia e voluntariado ambiental no Monte da Fraga, no ano 2024.



Oficina de Sustentabilidade
UNIVERSIDADE DA CORUÑA



UDC **Saudable**
UNIVERSIDADE DA CORUÑA